

O Rexurdimento: Curros Enríquez

Manuel Curros Enríquez representa, entre os poetas do seu tempo, a voz máis reivindicativa, solidaria e batalladora. Denunciou a situación de privilexio dos caciques fidalgos e do clero, así como o asoballamento ao que estaban sometidos os labregos. Plasmou na súa obra o seu ideario ata as últimas consecuencias, sufrindo mesmo persecución por expresar as súas crenzas.

Aspectos biográficos (Celanova, 1851 - A Habana, 1908)

Celanova foi o lugar que viu nacer a Curros e onde transcorreu toda a súa infancia. Nese período influíu dunha maneira determinante a figura de seu pai, con quen mantivo abondosos conflitos que o levaron a abandonar a casa familiar para instalarse en Madrid, onde vivía un irmán seu.

Alí continúa a súa formación académica, estudando algúns cursos de Dereito. Precisamente nunha marxe dun libro de Dereito escribe o seu primeiro poema en lingua galega: «Cántiga», no que aborda a traxedia da emigración. De todos os xeitos, é o exercicio do xornalismo e, máis tarde, a práctica da creación literaria o que vai ocupalo profesionalmente o resto da súa vida.

As súas vivencias en Madrid influíron moito na súa formación política, pois viviu moi activamente a revolución de setembro de 1868. Desde aquela asumiu a defensa da república como forma de goberno e mostrouse partidario dunha organización federal do estado.

En 1877, a instancias duns familiares seus, participa nun concurso literario na cidade de Ourense, conseguindo o primeiro premio coas súas composicións «A Virxe do Cristal», «Unha voda en Einibó» e mais «O gueiteiro», textos que supoñen a súa estrea como poeta galego. Retorna logo a vivir á cidade de Ourense, traballando na Delegación de Facenda. En 1880 publica o poemario *Aires da miña terra*, que provocará unha forte polémica coas autoridades relixiosas, un feito que agudizará o seu sentimento anticlerical.

En 1888 publica *O divino sainete* e seis anos despois colle, con certo desengano e pesimismo, o camiño da emigración, vivindo os seus últimos anos en Cuba. En 1904 volveu a Galicia para ser homeaxeado na cidade da Coruña. Faleceu na Habana en 1908. Os seus restos foron repatriados ese mesmo ano e enterrados na Coruña no medio dun intenso respecto e fervor popular.

No ano 1967 dedicóuselle o día das Letras Galegas e no 2001 celebrouse o 150 aniversario da súa morte.



Aires da miña terra (1880)

É un poemario dominado pola forte actitude reivindicativa e de compromiso social que encerra, aínda que nel tamén se rastrexen outras composicións de carácter costumista ou intimista.

Curros cría que a literatura era un excepcional medio para comprometerse cos galegos e co seu país, e iso levouno a afondar neste camiño de preocupación cívica. Anos máis tarde, seguirían os seus pasos poetas como Ramón Cabanillas ou o tamén celanovés Celso Emilio Ferreiro, quen mesmo chegou a realizar unha biografía de Curros.

Nos poemas deste libro atopamos un canto solidario cos labregos, os máis oprimidos da sociedade galega daquel tempo. Curros amosa, por veces con caraxe, as situacións inxustas que os rodeaban, como se observa no popular poema «O maio». Nesa mesma composición advírtese o ton claramente anticlerical que aparece tamén noutros dos seus textos. En *Aires da miña terra* atopamos así mesmo poemas nos que Curros continúa a estética costumista propia do seu tempo e a da poesía popular. Finalmente, hai outros nos que se achega a cuestións que afectan á esfera máis íntima do poeta, como en «A Rosalía de Castro», onde fai unha xenerosa e sentida evocación de Rosalía con ocasión da morte da cantora do Sar.

O divino sainete (1888)

Este é un longo poema narrativo de carácter burlesco que parodia a *Divina Comedia* de Dante, o escritor clásico italiano. O seu argumento conta unha suposta peregrinaxe que Curros realiza a Roma para gañar o xubileu. Nese percorrido irá na compañía do poeta Francisco Añón, quen lle servirá de guía e o irá conducindo polos sete vagóns do tren, que representan os sete pecados capitais: preguiza, envexa, gula, ira, luxuria, avariza e soberbia.

En cada un dos vagóns atopará diversos personaxes, moitos deles reais, e que tiveron algo que ver na súa vida, como o bispo Rodrigo, o

xuíz Mella, a literata Pardo Bazán, beatos, frades, etc. Curros, finalmente, chega a Roma, fala co papa León XIII e recoméndalle que el e mais o conxunto da Igrexa abandonen as súas riquezas e volvan á vida sinxela.

Nas páxinas de *O divino sainete* establécese unha crítica furibunda e caricaturesca da sociedade contemporánea. O autor non dubida en dirixir o seu aguillón crítico tanto aos seus inimigos persoais como ao afán da Igrexa por enriquecerse. Volvemos atopar aquí o seu anticlericalismo, xa presente nas primeiras estrofas do poema, como se pode ver na escolma de textos.

TRAZOS DA POESÍA DE CURROS

1. Denuncia social e dos males dos labregos.
2. Afán anticlerical: denuncia dos abusos da Igrexa.
3. Defensor da xustiza e crenza nos valores do progreso.
4. Poesía costumista en poemas como «A Virxe do Cristal» e noutros que teñen tamén carácter reivindicativo.
5. Presenza ocasional na súa obra da poesía lírica e de circunstancias.

M. Curros Enríquez



Vilanova dos Infantes, coa igrexa da Virxe do Cristal

